

DINÁMICAS DE GRUPO

Proba de selección de persoal cuxo obxectivo é analizar os comportamentos e interaccións dos compoñentes dun grupo ou equipo de traballo que ten que chegar a un acordo para a resolución dun caso problemático presentado polo persoal técnico de RRHH. Tras a análise de determinados comportamentos de cada un dos compoñentes do equipo e a súa interacción cos demais está a determinación se o/a candidato/a posúe a competencia ou non para desempeñar un posto de traballo concreto.

QUE COMPETENCIAS SE ANALIZAN

- Capacidade de traballo en equipo.
- Capacidade de escoita activa.
- Habilidades de comunicación e habilidades sociais: uso da linguaxe verbal e non verbal, capacidade de transmisión oral das ideas, empatía, etc.
- Capacidade de liderado.
- Capacidade de organización e planificación.
- Flexibilidade
- Creatividade
- Capacidade de negociación
- Aptitudes comerciais
- Capacidade para optimizar o tempo.

RECOMENDACIÓNS

- Actúa de forma natural e non teñas medo a cometer erros xa que non hai opinións boas nin malas nin unha solución mellor ca outra.
- Pide a palabra cando queiras intervir. Nunca interrompas.
- Implicácte na tarefa proposta aínda que che pareza irreal e ata ridícula. **Participa activamente.**
- Non esquezas que estás nunha proba de selección de persoal. **Se ti mesmo/a dentro da prudencia:** móstrate educado/a e cortés.
- O interesante é que a dinámica de grupo xere controversia e existan varias solucións antes de chegar a un acordo de equipo.
- A forma de crearse o grupo e de chegar a un acordo no tempo especificado é o que valoran os/as observadores/as.
- Conta moito o que dis pero aínda máis como o dis. **Coida a túa linguaxe tanto verbal coma a non verbal:**
 - a mirada
 - a xestualidade das mans (non as gardes nos petos, axúdate con elas a comunicarte).
 - a postura corporal (relaxada, pero en disposición de colaborar).
 - o ton e a calidade da voz
 - as pausas
 - a xestualidade en xeral non debe ser agresiva
 - coherencia entre o que dis e como o dis.
- Lembra que os/as técnicos/as de RRHH analizan a forma en que interactúas cos outros compoñentes do equipo.
- É importante a maneira de argumentar.

RECOMENDACIÓNS

- **Controla os tempos:** se observas que o grupo está disperso e non se centra na tarefa proposta, lembra cal é o obxectivo e de canto tempo se dispón para resolvelo. Corta o xeo ao principio se ves que ninguén comeza a tarefa.
- **Valora outras opinións.** Da *feedback* as opinións dos demais e aporta a túa creatividade persoal.
- **Non descualifiques a ninguén.**
- **Diríxete aos/ás teus/túas compañeiros/as polo seu nome** (trata de lembrarte deles).
- **Colabora para conseguir o obxectivo final** (non fales demasiado nin te quedas calado/a sen aportar ao grupo, pero ten en conta que tampouco ten que ser mellor o/a que máis fala). Non busques o lucimento persoal, debe prevalecer o interese polo logro do obxectivo.
- **Escoita ben as preguntas que che fan** e se non entendes algo, non dubides en preguntar.
- **Nunca contestes por outro/a.**
- **Contribúe na creación dun bo clima de traballo.**
- **Non actúes con obstinación:** defende as túas ideas con bos argumentos pero por riba de todo busca atopar solucións.
- **Contribúe a eliminar a tensión no equipo.**